
De: [REDACTED]
Enviado el: martes, 21 de diciembre de 2010 11:46
Para: [REDACTED]
Asunto: [REDACTED]

levo leído algo sobre o plan , e con caracter constructivo, e sempre dende a postura localista dun limiao comentar o que sigue:

No que levo leído, non vexo ningunha reseña, aínda que sexa histórica a lagoa de Antela. Isto limita ou hipoteca calquera actuación futura (utópica) sobre a posibilidade de restaurar aínda que sexa parcialmente algo daquela lagoa.

no que atinxe o inventario de humedais, para a zona da limia aparece o da " VEIGA DE LIMIA" , humedal que na actualidade é totalmente drenado e cultivado.

aínda que contemplades as " veigas de ponteliñares como lic", creo que debería ser incluído como humedal, xa que entre outras a súa declaración de lic débese a presenza de *Eryngium viviparum*, especie que precisa de períodos de asolagamento de 6 - 8 meses, polo que precisa que se contemple algún recurso para manter o carácter de hidromorfía temporal cando as chuvias non o garantiran.

aínda que isto pode contemplarse como caudais ecolóxicos, creo que no apartado de reservas e asignacións de recursos, se debería contemplar de forma específica, caudais para mantemento de humedais, tanto no caso da terra cha de Lugo, as gándaras, e por suposto Antela.

Sobre a caracterización da MAS da comarca da limia (acuífero) sería importante que tiverades en conta o estudo que recentemente realizou e nos remitiu o IGME (instituto geominero do MMA) para ter en conta as súas características e grado de vulnerabilidade.

tamén existe un ambicioso estudo/proxecto redactado e elaborado para o MMA sobre a recuperación dos humedais da comarca da limia e mesmo recuperación do río. Sería bo que se consultara.

.....

Para corrixir:
apartado de reservas e asignación de recursos (pags. 25-26) ¿ xinzo de limia completa a súa demanda con MAS do baixo miño?.

Comunidade de regantes de San Salvador de Sabucedo se abastece do río Limia non da canle de Antela.

usar a denominación de comunidade de regantes, non de asociacións de regantes.